


Núm 5.

Dedicado á  
SABELA SEGUNDA.



## ROMANCE GALLEGO

publicado en cerebridade da vinda de

# SABELA SEGUNDA,

A ANTIGUA CAPITAL DO REINO DE GALICIA,

(NO 7 DE SETEMBRE DO ANO DE 1858.)

Na alborada do outro onte  
esbochando de contento  
subeuse como o foguete  
a cima do seu palleiro  
o labrador xa famoso  
nomeado o Seor Pedro.  
¿Qué fuga ou qué presa tiña  
pra haberse erguido tan cedo  
e engancharse po la esqueira  
e atruxar berro tras berro?

¿Qué lle aconteceu á este home?  
Seique lle encheu o loteiro  
as bulsas de ouro e prata:  
ou seique topou o térbello:  
ou seique herdou a un Ministro:  
ou seique o Auntamento  
o libertou dos trabueos  
a él, a fillos e netos:  
ou seique na parrameira  
topou dos abós un peto.

Pois sabede, meus Scores,  
que nin miaxa vos e desto:  
nin o Seor Pedro se folga  
co as moréas de diñeiro.

Eso e bo pra moitos homes,  
que a forza de atrevementos,  
de minguas e de baixezas  
sacuden o cativoiro  
que trougeron dende o berse,  
pra presentarse envolveitos  
entre leaxes de seda,  
lan de castor, non carnoiro.

Eso e bo tamén pra outros,  
que non queren ter a menos,  
nomeándose Scores,  
andar como ratoeiros  
luxándose en ruíns trefas,  
pra ter graxentos empregos,  
sin dar un mendrugo a un probe,  
sin dar un ichavo a un neno.

O Seor Pedro erobe alegre  
co somonte os seus pelexos:  
e aló agachada unha cousa  
ten entre os prigos do seo,  
que hoxe da noxo nomeala,  
pro estímaa moito por eso:  
esta cousa é *a boa fe*  
e *a honradez*: e anque e certo  
que hoxe a virtude non campá,  
e sí os homes espetos,  
que po lo en dunha agulla  
furan sin mais miramentos,  
calquier pode decatarse  
que, o subirse o seu palleiro  
o labrador de quen falo,  
outros motivos mais reutos  
que o interés, ruin, da moda,  
o animaban a esto.

Chea a sua alma de fe  
e dos nobres sentimentos  
de que moitismos se bulran,  
cheo de vivos deseos  
de que a sua patria *progrese*,  
xa non tira po lo alento,  
porque o esgana a alegría,  
dende que oyeu que está preto  
a chegar nosa SABELA  
de Galicia a o antigo Reino:  
e desta feliz chegada  
espera moito o Seor Pedro.

Mais escoitade o que dice  
que berra como un labereo.

¡Ou SABELA! ¡miña filla!  
¡ben vinda seas! ¡o Ceo  
queira que chegues por acó  
trinta veces cando menos  
cada mes, chea de gloria,  
co regociño no peito,  
e con saúde compreta  
tripando este chan gallego!

¡Ben vinda seas, tan cuca,  
formosa como o luceiro,  
tan garrida, tan bermella,  
que aínda a o caravel d'és celo!

¡Ben vinda seas, Reisiña,  
na compañía do anxeito,  
que Noso Seor che dou,  
pra o teu diario festexo,  
e tamén pra que na historia  
se parolen os seus feitos,  
que, Dios diante, e a tua esprenca  
ha de gorechar celos!

¡Ben vinda seas, SABELA!  
¡ende ben! ¡ningun gallego,  
que se teña por bo home,  
e un así así de caletro,  
e amigo da sua terra,  
deixa de folgarse de eso!

¡Ben vinda seas, moniña!  
que á tua vinda a este Reino  
dalle un son tan aquefado,  
dalle tan denoso xeito,  
que de hoxe en diante Galicia  
non teme que os rexoveiros,  
cobisosos do seu nome  
luxen mais os seus loureiros;  
ben que os loureiros antigos  
nos muchan os mentireiros;  
pro por eso e ben que a Reina  
vexa con ollo discreto,  
po lo seu pé, que *Galicia*  
e un chan de *galas* cuberto,  
en que un Dios tamén *galan*  
*engalanouna* a o seu xeito:  
pro este xeito divino  
no e pra todos entendelo,  
xa que se coida que debe  
manter a moitos zopencos  
cos trabucos, hastra tanto  
que o dén todo por comesto.

No e así a nai do año:  
Galicia e rica: e moi certo:  
ten liño sin semellante,  
verduras entre os codesos,  
mel moi dose, cal xarave,

cucas frores, moito emprego,  
ricos peixes, millos, fabas,  
bos viños, froitas, centéo,  
patacas moi fariñentas,  
irigos, nabos como cestos,  
manteiga: en fin, Galicia  
e un puro xurumelo:  
pro por eso no hay que escoalo,  
a semellanza do exemplo  
da fábula do hoyo de ouro  
da galiña do avarento.

E os homes e mulleres  
de Galicia ¿son tan feos?  
¿ou teñen algunha marra  
nos sentidos, ou nos sesos?  
¿ou estan menos letrados?  
¿ou maxinan como os nenos?  
¿ou fraquean de costumes?  
¿ou teñen fada do Demo?

¡Bato a Xudas e a su nai!  
Os bulristas dos gallegos  
nunca foron outros homes,  
que alguns probes laccirentos,  
que guindan acó a morriña;  
e des que estan escorreitos  
e limpos da piollaxe,  
bolan contra o chan gallego,  
porque pra as almas cativas  
e a morte o agradecemento.

¡Ben vinda seas, SABELA!  
xa verás qué certo e esto!  
¡fólgate ben, miña pelra!  
entre os xuciosos gallegos!  
¡Mira que cousas tan cucas,  
e algunhas de moito mérito,  
na *Exposicion* presentaron  
pra garbo do chan gallego!

¡Probe de min! houbo un día,  
que se contou de moi cedo  
na semana que pasou,  
que SABELA, o meu lucciño,  
xa non tripaba á Galicia:  
pois, SABELA, aquel día mesmo  
todos morremos de pena;  
pro de aló á pouco tempo  
asegurouse que viñas,  
e todos envivecemos.

¡Ben vinda, Seora! eu coído  
que soño cando te vexo:  
tanto e o mentres con que agardo  
boas cousas do teu paseo.

Pro ¡SABELIÑA da alma!  
¡miña fror! ¡meu pensamento!

xa que te hachas entre noseo,  
e ves de cerca os gabexos  
da Galicia, zo meu bico  
podrá sin atrevemento  
falar de unha cousa pra ela  
de moitísimo porveito?  
Esta cousa e moi livian:  
moi sempre: non e un enredo:  
pro por eso sigue torfa,  
como cousa de Gallegos.

Endireita, miña vida,  
e direita irás a o Ceo,  
porque, sin marrar ningun,  
bendecirante os Gallegos.

Muda as Xusticias da Cruña  
pra Santiago, que e o centro  
da redondez de Galicia:  
mesmo setenta cos dedos,  
mirando o PRAXO, que a *Cruña*  
e un *corruncho de este Reino*:  
sin comparanza está Lugo  
a ainda Orense mais no centro.  
Esto veo un home chosco  
e aínda o tenta un probe cego:  
pro Santiago sobre todos  
está espetado no medio.

¿E non compre pra os que mandan  
e pra os que obedecemos,  
que as leises corran axina  
pra o seu cabal cumprimento?  
Si algun dabida, que diga:  
¿pra que son logo os telefros?  
¿non son pra encoller larguras?  
¿que o louxe se poña preto?

¿E tamen Madril non se bacha  
no medio de todo o reino?

Ademais á Cruña toda  
e as Xusticias ¿tendrán medo  
de non caber en Santiago  
catro ou seis veces? Pois velo.

Xa foi asento Santiago  
da Audencia no seu encozozo:  
depois Felipe Segundo  
no ano de mil cinco centos  
guindouna dorido aló,  
pra darlle á Cruña algun medro.  
Pro aqueles Oidores  
que podían ter dous pelos  
entre os beizos e o nariz,  
dixéronlle con respecto:  
CUMPRÍREMOS, MEU SEOR,  
PRO NON OBEDECERÉMOS.

E de pois ¿como espricaron

palabras de tanto peso?

Porque a vila de Santiago,  
ademais de estar no centro,  
pra ventaxa dos preiteantes,  
que a veces venen de lexos,  
e poder vixiar millor  
si un Xuós non obra reuto,  
ou si un Esquirbano enreda,  
ou un Porcurador ladroeiro  
fore aitivo demasiado,  
tamén por estar no centro  
Santiago ten os mercados  
de canto hay en Galicia cheos,  
e aínda das demais cousas,  
que nos chegan do estrañeiro  
po las auguas de Padron,  
Vigo, Carril e outros medios.

¡Quen verá as Seoras Xusticias  
enliar os seus gabexos  
a presa, cando as mandaren  
pra o frío e abundante puebro  
de Santiago, en que se vive  
con baratos alimentos  
e tan bos como os millores!

Coido xa que xa estou vendo

as rebuldantes mulleres  
dos esquirbentes, collendo  
pra aco o lombo co as mantas  
sin ter miga de recéo  
de que no camiño as furfen  
de fénias certos ladroeiros.

Pro como o papel remata  
non poño aquí os mais testos  
que espremeu dos seus miolos  
o labrador Seor Pedro.

E de en contra o Seor Fiscal  
desvaldeíroume o finteiro,  
e esnaquizoume a pruma;  
pro non me crebou os dedos,  
nin me mirrou a moleira,  
nin me arrincou o alento:  
e penso mercar mais tinta,  
e abranguer no galiñeiro  
unha ducia de boas prumas,  
e aló cando veña a o xeito  
hei de rabuñar mais letras  
que parolou o Seor Pedro.

*M. Fernandez M.*

ES PROPIEDAD.



SANTIAGO: IMPRENTA DE MANUEL MIRÁS.